



GRUPO MUNICIPAL

Luís Rei Núñez, concelleiro do Grupo Municipal de Marea Pontevedra, presenta para o seu debate no Pleno e aprobación, se procede, a seguinte PROPOSICIÓN en apoio da veciñanza de Lourizán nas súas súplicas ao Tribunal Supremo para obrigue ás **ADMINISTRACIÓNS COMPETENTES A ACATAR E EXECUTAR AS SENTENZAS XUDICIAIS RELATIVAS AOS RECHEOS DO PORTO DE MARÍN E AOS PASOS A NIVEL DA PRAZA DOS PRACERES.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Os recheos do porto, realizados pola Autoridade Portuaria de Marín-Pontevedra nunha ampliación de máis de 300.000 metros cadrados roubados ao mar, consolidaron o camiño, emprendido no franquismo coa instalación do proceso industrial ENCE-Elnosa e continuado coa instalación da EDAR dos Praceres, de destrucción do banco marisqueiro de Lourizán, un dos principais motores económicos de Pontevedra e dos concellos limítrofes.

Previamente aos recheos, un ferrocarril, encamiñado a dar servizo ao Porto de Marín, partiu en dous a Praza dos Praceres. Compre lembrar que esta praza, ademais de ser o núcleo de convivencia veciñal, é atravesada por milleiros de persoas diariamente, entre elas todo o alumnado do colextio situado nun cabio que xa non é tal.

Ante o desleixo das administracións que deberan defender os intereses da xente á que representan, os veciños e as veciñas organizáronse e formaron a Plataforma Pola Defensa da Praza dos Praceres, que xa acumula numerosas sentenzas xudiciais ao seu favor, entre as que destacan a de demolición dos recheos portuarios (TS, 2009) e tamén, a primeira en orde cronolóxica, a relativa ao paso do ferrocarril pola Praza dos Praceres que obriga a supresión de tres pasos a nivel (TS, 2007).

Unha década despois, as administracións ‘responsables’ seguen sen cumplir coas súas obrigas legais; algo que, como é lóxico, indigna na parroquia e tamén na cidade e na comarca. Ao apoio a esta loita veciñal por conservar unha praza pública e o mar para un uso non privativo unicamente faltan por sumárselle os ocupantes dos despachos que no

seu día tomaron a decisión de sepultar a Rúa de Pontevedra e de partir Lourizán en dous (os do sur da vía e os do norte da vía).

Ante esta falta de actuación institucional, o colectivo cidadá rexistrou dúas peticións ante a Sala do Contencioso do Tribunal Supremo. Na primeira solicita a “execución subsidiaria da eliminación dos pasos a nivel do ferrocarril ao seu paso pola Praza dos Praceres”. Na segunda solicítalle ao máximo órgano xudicial “a designación dun perito arquitecto a fin de que, á vista do proxecto do Plan Especial anulado, dos escritos e alegacións das partes formuladas na fase de execución, e da sentenza firme emita un informe sinalando os recheos que deben ser demolidos por terse executado ao amparo do plan anulado”.

Dado que a Praza dos Praceres é tamén Pontevedra, malia non pertencer a un “modelo de cidade” do que poder presumir no estranxeiro, e dado que o alcalde de Pontevedra participa do Consello de Administración do Porto de Marín, MAREA PONTEVEDRA presenta ante o pleno a seguinte:

PROPOSICIÓN:

Manifestar o apoio do Pleno á Plataforma pola Defensa da Praza dos Praceres nas súas súplicas ao Tribunal Supremo

- Para a execución subsidiaria da eliminación dos pasos a nivel na Praza dos Praceres.
- Para a designación dun perito arquitecto que delimite os recheos do Porto de Marín que, en execución de sentenza firme, deben ser demolidos por terse realizado ao abeiro do plan anulado.

Pontevedra, 24 de setembro de 2018



Luís Rei Núñez

Concelleiro de Marea Pontevedra